# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
# CURSO 2021/2022

CENTRO: IES ALFOZ- VALADOURO

CURSO: 2021/2022

MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 1º, 2º, 3º e 4º ESO

DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

DATA: 29/04/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

<table>
<tr><th colspan="2">1. Criterios sobre a avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">3º Avaliación</td><td>Cálculo da nota da 3º avaliación: a nota da 3ª avaliación calcularase do mesmo xeito que se fixo nas dúas avaliacións anteriores e como se reflexa na programación didáctica, é dicir:<br><br>MEDIA PONDERADA | Media das probas Escritas 0,7 | Actividades Aula virtual 0,1 | Libro de Lectura 0,1 | Traballo en aula E na casa. Traer material. Actitude ante a materia Participación.. 0,1<br><br>Media ponderada= 0,7 + 0,1 + 0,1 + 0,1</td></tr>
<tr><td>Procedemento de recuperación da 3º avaliación: ao igual que nas outras dúas avaliacións, séguese unha avaliación continua, polo que non haberá recuperación por avaliación.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Cálculo para obter a cualificación final de curso: A cualificación final obterase calculando a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando a nota de cada avaliación sexa 4 ou superior. Para superar o curso a media aritmética debe ser unha nota de 5 ou superior.<br><br>O alumnado que non acade a media de 5:<br>– Deberá realizar unha proba extraordinaria.<br>– Se tivesen unha única avaliación suspensa examinaranse desa avaliación.<br>– Os que teñan dúas ou máis avaliacións suspensas, examinaranse da materia de todo o curso.<br><br>Esta proba realizarase tendo en conta os estándares de aprendizaxe que teñan un grao mínimo de consecución do 100%.<br><br>Esta proba escrita puntuarase sobre 10 puntos e para ter superada esta avaliación extraordinaria, o alumno deberá ter un 5 no exame.<br><br>Se a nota obtida na proba oscila entre 5 e 7 terá unha cualificación de 5. Se a nota está comprendida entre 7 e 9 o alumnado terá unha cualificación de 6. Se a nota acadada é maior a 9 o alumno obterá unha cualificación de 7.</td></tr>
<tr><td>Alumnado de materia pendente</td><td>Como se recolle na programación didáctica, para a recuperación de materias pendentes levarase un plan específico que consistirá no seguinte:<br><br>Seguindo o libro de texto do curso correspondente:<br><br>-1ª proba escrita (mes de xaneiro): abarcará a metade das unidades vistas no curso anterior.<br><br>-2ª proba escrita (mes de xuño): abarcará a outra metade das unidades vistas no curso anterior.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | O alumnado que aprobe a 1ª proba, presentarase á 2ª proba coa parte correspondente do temario. Se suspende a 1ª proba deberá presentarse con todo o temario.<br><br>A cualificación da materia pendente corresponderase con:<br><br>- Superar a proba específica (xuño) cunha nota de 5 ou superior para todos os que non superen o proceso de recuperación durante o curso. |

| **2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)** | |
|---|---|
| **Metodoloxía, actividades tipo, materiais e recursos** | ➢ O alumando que aprobou as tres avaliacións realizará actividades de ampliación, que consistirán en actividades relacionadas cos contidos vistos ao longo do curso e que fomenten a autonomía e pensamento crítico dos rapaces sobre temas de índole literaria e/ou lingüística. Algúns exemplos son: documentais e vídeos con posterior reflexión, pequenas investigacións ou proxectos, etc.<br>➢ O alumnado que suspendera unha ou varias avaliacións realizará unha serie de actividades acordes ás súas necesidades específicas ("PLAN DE RECUPERACIÓN"), que consiste na realización de actividades de repaso e reforzo sobre os contidos propios do curso. Estas actividades divídense en tres bloques, cada un correspondente a unha avaliación. |